



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, Laura Seara Sobrado e Xoaquín Fernández Leiceaga, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Un nutrido grupo de veciños dos lugares de Imo e Bexo, no concello de Dodro, está reiteradamente expoñendo as súas queixas pola existencia de cheiros e malos olores nas proximidades das súas vivendas, preto da EDAR municipal.

Os socialistas galegos somos coñecedores das súas queixas e da falta de respostas por parte do goberno municipal de Dodro.

Este colectivo veciñal leva xa algún tempo denunciando no Concello a situación que padecen e non atopan resposta por parte do Goberno municipal. Os veciños culpan desta situación aos vertidos de carácter industrial que se están derivando á estación depuradora e que segundo eles está a ser a causa do problema.

Xa pasou máis de medio ano dende que a depuradora municipal de Dodro, construída no lugar de Riasós, en Imo, comezara a funcionar. Nun primeiro momento numerosos veciños desta aldea, así como tamén de Bexo, denunciaran a súa ubicación, ao considerar que se atopaba moi preto das vivendas.

A pesar de ter presentado varios escritos no concello denunciando a situación, a obra seguiu adiante. Pasados varios meses dende aquela, agora están a padecer a cotío, os cheiros e os malos olores procedentes desta instalación.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os veciños entenden que esta situación vén derivada dos vertidos de carácter industrial que se están derivando á estación depuradora e que segundo eles está a ser a causa do problema.

O colectivo veciñal é consciente de que a EDAR xa non ten volta atrás, pero entenden que hai que atopar unha solución ao problema ambiental que padecen, e reiteran ademais a necesidade de incrementar o control dos vertidos, xa que a situación no verán pode ser máis preocupante.

Os veciños afectados por esta situación enviáronlle varios escritos ao Valedor do Pobo, que mesmo se interesou polo estado actual da depuradora de Imo, recabando a correspondente información nas diferentes administracións públicas.

Do informe emitido por esta institución dedúcese que a obra aínda non foi recepcionada polo concello de Dodro, e que ao parecer os problemas dos cheiros viñan provocados por vertidos industriais non autorizados.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Ten coñecemento a Consellería de Medio Ambiente da situación na que se atopa a EDAR de Dodro?
- 2.- Ten coñecemento da existencia de malos olores provocados por vertidos industriais non autorizados derivados á citada EDAR?
- 3.- Trasládoulle o Concello de Dodro algún tipo de proposta para resolver a situación creada?



Grupo Parlamentario

4.- Ten previsto a Consellería de Medio Ambiente incrementar os controis ambientais neste Concello?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2007

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Laura Seara Sobrado
Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 15/03/2007 10:31:36

Laura Seara Sobrado na data 15/03/2007 10:31:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/03/2007 10:31:52